Bispado de Tui-Vigo
BOLETÍN OFICIAL

Ano 163 - Número 2.793 - xaneiro 2021/01

Edita: Bispado de Tui-Vigo.
Dirige: Manuel Lage Lorenzo.
Administra: Vicaría Económica.
Dirección: Doctor Corbal 90. 36207 Vigo.
Teléfono: 986 375 153
E-mail: bispado@diocesetuivigo.org
D.L. VG. 46

Contido

IGREXA DIOCESANA 4

BISPO 5

Peregrinos 6

Peregrinos (castellano) 8

Mensaxe para a Xornada da Vida Consagada 11

Mensaje para la jornada de la vida Consagrada 13

Axenda Episcopal 15

VIGAIRÍA DE PASTORAL **17**

Nota sobre o DOG do 26 de xaneiro 18

CANCILLERÍA-SECRETARÍA **21**

Nomeamentos 22

Na paz de Cristo 23

VIDA DIOCESANA **25**

O bispo chama á esperanza a á alegría 26

Unificar dous museos 27

Renovación da xunta Directiva de Cáritas 30

Xornada rexional de servizos relixiosos hospitalarios 31

Acto ecuménico 33

Celebración de Santo Tomé 34

IGREXA DIOCESANA

BISPO

Escritos do noso bispo.

Peregrinos

Somos peregrinos. Intuíuno xenialmente Platón no Mito da Caverna e elevouno á máis alta expresión Dante na Divina Comedia. O camiño de Santiago, Patrimonio da Humanidade, converteuse desde hai moitos séculos na referencia privilexiada desta evidencia existencial. Camiñando apréndese a vivir e recupérase o vivir. Porque vivir é saír e chegar. Tamén para camiñar hai que saír para chegar. Vida e camiño teñen comezo e meta. Percorrer ese treito é o quefacer de todos os días. Quedar parado é a ruptura máis triste. Só camiñando aliméntase a vida e alcánzase a meta.

A porta santa da Catedral de Santiago abriuse para dar comezo a un novo Ano Santo. Os peregrinos están de parabén porque xa Santiago os espera na súa casa relucente despois de longos días de obras de conservación. Estes primeiros momentos non serán fáciles pola pandemia e esperemos que co paso dos meses o ano xubilar se faga accesible a moitos.

A experiencia do Camiño, dos camiños, a Santiago é unha das grandes referencias do mundo contemporáneo, como o foi no medievo e na época moderna para a configuración de Europa. A globalización da información e da mobilidade converteu a Compostela e á tumba do Apóstolo Santiago nunha meta buscada desde os máis recónditos lugares

do noso planeta. Santiago non é xa só un lugar coñecido e anhelado no mundo enteiro, senón que se converteu na referencia singular dunha vivencia mística total: sentirse peregrino.

Ver atravesar os nosos pobos da Galicia rural e mariñeira a peregrinos dos cinco continentes foi ao principio unha alegre sorpresa e xa pronto unha cousa normal que se incorporou á fisionomía das nosas pousadas e camiños. En moi pouco tempo, Galicia enteira, desde Santiago, fíxose un oco na mente e no corazón de homes e mulleres de calquera parte do mundo que a descubriron como unha xoia da natureza e da cultura.

A miña xeración creceu co asombro da historia do camiño de Santiago. Pero a eclosión actual dos camiños a Santiago é algo non afastado, algo que os máis novos deben coñecer para valorar e continuar. É esta unha historia trepidante chea de enerxía e lograda desde unha profunda colaboración de todos os estamentos sociais e eclesiais. O de Santiago é un agasallo marabilloso da historia a Galicia, pero que foi moi traballado nos anos recentes. Nada hai froito da casualidade e nos campos da espiritualidade e da historia, menos.

Os que viviron en Compostela na segunda metade do século vinte saben moi ben onde está o antes e o despois do "éxito" do Santiago de hoxe. Hai moitos elementos nese gran logro, pero un decisivo e determinante: os mozos e as mozas. Sen eles, nada se entende desta marabillosa historia. Foron eles os que, mochila ao ombreiro, redescubriron para o noso tempo os camiños da tumba do Apóstolo e volveron gozar como peregrinos.

+ Luís Quinteiro Fiuza.
Bispo de Tui-Vigo.

Peregrinos (castellano)

Somos peregrinos. Lo intuyó genialmente Platón en el Mito de la Caverna y lo elevó a la más alta expresión Dante en la Divina Comedia. El camino de Santiago, Patrimonio de la Humanidad, se ha convertido desde hace muchos siglos en la referencia privilegiada de esta evidencia existencial. Caminando se aprende a vivir y se recupera el vivir. Porque vivir es salir y llegar. También para caminar hay que salir para llegar. Vida y camino tienen comienzo y meta. Recorrer ese trecho es el quehacer de todos los días. Quedarse parado es la ruptura más triste. Solo caminando se alimenta la vida y se alcanza la meta.

La puerta santa de la Catedral de Santiago se ha abierto para dar comienzo a un nuevo Año Santo. Los peregrinos están de enhorabuena porque ya Santiago les espera en su casa reluciente después de largos días de obras de conservación. Estos primeros momentos no serán fáciles por la pandemia y esperemos que con el paso de los meses el año jubilar se haga accesible a muchos.

La experiencia del Camino, de los caminos, a Santiago es una de las grandes referencias del mundo contemporáneo, como lo ha sido en el

medievo y en la época moderna para la configuración de Europa. La globalización de la información y de la movilidad ha convertido a Compostela y a la tumba del Apóstol Santiago en una meta buscada desde los más recónditos lugares de nuestro planeta. Santiago no es ya solo un lugar conocido y anhelado en el mundo entero, sino que se ha convertido en la referencia singular de una vivencia mística total: sentirse peregrino.

Ver atravesar nuestros pueblos de la Galicia rural y marinera a peregrinos de los cinco continentes fue al principio una alegre sorpresa y ya pronto una cosa normal que se ha incorporado a la fisonomía de nuestras posadas y caminos. En muy poco tiempo, Galicia entera, desde Santiago, se ha hecho un hueco en la mente y en el corazón de hombres y mujeres de cualquier parte del mundo que la han descubierto como una joya de la naturaleza y de la cultura.

Mi generación ha crecido con el asombro de la historia del camino de Santiago. Pero la eclosión actual de los caminos a Santiago es algo no lejano, algo que los más jóvenes deben conocer para valorar y continuar. Es ésta una historia trepidante llena de energía y lograda desde una profunda colaboración de todos los estamentos sociales y eclesiales. Lo de Santiago es un regalo maravilloso de la historia a Galicia, pero que ha sido muy trabajado en los años recientes.

Nada hay fruto de la casualidad y en los campos de la espiritualidad y de la historia, menos.

Los que han vivido en Compostela en la segunda mitad del siglo veinte saben muy bien dónde está el antes y el después del “éxito” del Santiago de hoy. Hay muchos elementos en ese gran logro, pero uno decisivo y determinante, los jóvenes. Sin ellos, nada se entiende de esta

maravillosa historia. Fueron ellos los que, mochila al hombro, redescubrieron para nuestro tiempo los caminos de la tumba del Apóstol y volvieron a disfrutar como peregrinos.

+ Luis Quinteiro Fiuza.
Obispo de Tui-Vigo.

Mensaxe para a Xornada da Vida Consagrada

A Vida consagrada, parábola da fraternidade nun mundo ferido

Queridos irmáns e irmás:

O ano 1995 o papa Xoán Paulo II instituíu a Xornada da Vida Consagrada que cada ano celebramos o 2 de febreiro, festa da Presentación de Xesús no templo. Naquela ocasión, dicía o Papa que a Xornada quería axudar a toda a Igrexa a valorar o testemuño de quen decidiu seguir a Cristo mediante a práctica dos consellos evanxélicos e que, ademais, quería ser para as persoas consagradas unha ocasión propicia para renovar os propósitos e reavivar os sentimentos da súa entrega ao Señor.

En consonancia coa sensibilidade e o maxisterio eclesial do Papa Francisco, a XXV Xornada da Vida Consagrada ten por lema este ano "A vida consagrada, parábola de fraternidade nun mundo ferido". Desta maneira, a Xornada quere facerse eco da especial condición magoada do noso mundo sometido a esta pandemia tan agresiva, así como da especial misión das persoas consagradas, como signo visible da proximidade do Pai para con todo ser humano.

A Xornada da Vida Consagrada deste ano temos de vivila á luz da

parábola do Bo Samaritano que o papa Francisco puxo no frontispicio da mensaxe da Igrexa na súa última Encíclica, Fratelli tutti, como faro e horizonte para toda a familia eclesial e humana.

Convídovos a reler, pensando na mensaxe desta Xornada, as fermosas páxinas da encíclica Fratelli tutti cos ollos de quen queremos soñar co Papa Francisco a realidade dun mundo fraternal. Vós, os consagrados e consagradas da nosa Diocese de Tui-Vigo, sabedes moi ben o que é loitar cada día pola dignidade da persoa humana e sabedes moi ben que vivimos no medio dun mundo ferido e coñecedes mellor que ninguén as tristezas e as angustias dos homes do noso tempo, sobre todo dos pobres e de cantos sofren.

A encíclica Fratelli tutti é unha fantástica chamada do Papa á Igrexa e a toda a humanidade. Hai que seguir loitando por un mundo máis fraterno, non podemos perder a esperanza no medio desta gran aventura. Pero o Papa lémbranos tamén que non se pode loitar a soas, illadamente. Necesítase unha comunidade que nos sosteña, que nos axude e na que nos axudemos uns a outros a seguir cara a adiante.

Celebraremos esta Xornada unidos no corazón e, na medida en que se poida, xuntarémonos para estar visiblemente unidos. É moi importante estar xuntos e sabémolo ben por tanto tempo que levamos retidos pola Covid-19.

Rezo por todos vós e síntome especialmente unido aos que nesta pandemia estades a pasar por momentos de especial dor.

+ Luis Quinteiro Fiuza.
Obispo de Tui-Vigo.

La Vida consagrada, parábola de la fraternidad en un mundo herido (castellano)

Queridos hermanos y hermanas:

El año 1995 el papa Juan Pablo II instituyó la Jornada de la Vida Consagrada que cada año celebramos el 2 de febrero, fiesta de la Presentación de Jesús en el templo. En aquella ocasión, decía el Papa que la Jornada quería ayudar a toda la Iglesia a valorar el testimonio de quienes han decidido seguir a Cristo mediante la práctica de los consejos evangélicos y que, además, quería ser para las personas consagradas una ocasión propicia para renovar los propósitos y reavivar los sentimientos de su entrega al Señor.

En consonancia con la sensibilidad y el magisterio eclesial del papa Francisco, la XXV Jornada de la Vida Consagrada lleva por lema este año "La vida consagrada, parábola de fraternidad en un mundo herido". De esta manera, la Jornada quiere hacerse eco de la especial condición dolorida de nuestro mundo sometido a esta pandemia tan agresiva, así como de la especial misión de las personas consagradas, como signo visible de la cercanía del Padre para con todo ser humano.

La Jornada de la Vida Consagrada de este año hemos de vivirla a la luz de la parábola del Buen Samaritano que el papa Francisco ha puesto en el frontispicio del mensaje de la Iglesia en su última Encíclica, Fratelli tutti, como faro y horizonte para toda la familia eclesial y humana.

Os invito a releer, pensando en el mensaje de esta Jornada, las hermosas páginas de la encíclica Fratelli tutti con los ojos de quienes queremos soñar con el Papa Francisco la realidad de un mundo fraternal. Vosotros, los consagrados y consagradas de nuestra Diócesis de Tui-Vigo, sabéis muy bien lo que es luchar cada día por la dignidad de la persona humana y sabéis muy bien que vivimos en medio de un mundo herido y conocéis mejor que nadie las tristezas y las angustias de los hombres de nuestro tiempo, sobre todo de los pobres y de cuantos sufren.

La encíclica Fratelli tutti es una fantástica llamada del Papa a la Iglesia y a toda la humanidad. Hay que seguir luchando por un mundo más fraterno, no podemos perder la esperanza en medio de esta gran aventura. Pero el Papa nos recuerda también que no se puede luchar solos, aisladamente. Se necesita una comunidad que nos sostenga, que nos ayude y en la que nos ayudemos unos a otros a seguir hacia adelante.

Celebraremos esta Jornada unidos en el corazón y, en la medida en que se pueda, nos juntaremos para estar visiblemente unidos. Es muy importante estar juntos y lo sabemos bien por tanto tiempo que llevamos retenidos por la Covid-19.

Rezo por todos vosotros y me siento especialmente unido a los que en esta pandemia estáis pasando por momentos de especial dolor.

+ Luis Quinteiro Fiuza.
Obispo de Tui-Vigo.

Axenda Episcopal

Día	Actividade
1.	• Eucaristía na Concatedral co gallo do día de Santa María Nai de Deus ás 12:00 horas.
6.	• Eucaristía na S.I.C. De Tui co gallo da celebración da Epifanía do Señor ás 13:00 horas.
8.	• Consello Episcoapl ás 10:30 horas.
12.	• Bendición dos novos locais de Cáritas no Casco Vello ás 10:00 horas.
13.	• Audiencias ás 11 horas. • Funeral de D. Manuel Piñeiro Vecino na parroquia do Sgrdo. Corazón de Vigo ás 19:00 horas.
14.	• Audiencias ás 11 horas.
15.	• Audiencias ás 11 horas.
17.	• Fineral da irmá do bispo de Lugo ás 17 horas en Vilalba.
20	• Pleno do Consello de Economía ás 10:30

Día	Actividade
21.	• Reunión cos delegados de Patrimonio de Galicia ás 12.45 horas no I.I.C. De Santiago. • Acto ecuménico na parroquia dos Capuchinos ás 20:30 horas.
22.	• Consello Episcopal ás 10:30 horas.
24.	• Eucaristía no Domingo da Palabra de Deus na Concatedral ás 12 horas.
26.	• Audiencias ás 11 horas.
28.	• Eucaristía no Seminario Maior co gallo da celebración de Santo Tomé de Aquino ás 11 horas.

VIGAIRÍA DE PASTORAL

Nota da Vigairía de Pastoral pola modificación do DOG do 26 de xaneiro do 2021

O DOG publicado o 26 de xaneiro (ás 24 horas) adopta novas medidas ante a situación de pandemia que afectan, tamén, ao ámbito eclesial.

Lugares de culto:

- A asistencia a lugares de culto **non poderá superar 1/3 (33%) da súa capacidade máxima**. O aforo permitido deberá publicarse nun lugar visible.
- Non se poderá utilizar o exterior dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto. E ademais **organizaranse as entradas e saídas dos templos para evitar aglomeracións**.
- **A limitación horaria está marcada polo toque de queda, desde as 22 h. ás 06 h**.
- Non se poderán realizar actuacións de coros ou agrupacións vocais de canto.
- Non se permitirá o uso de **auga bendicida**.
- Facilitarase no interior dos lugares de culto a **distribución dos asistentes** sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables.
- Limitarase ao menor **tempo** posible a duración dos encontros ou celebracións.
- Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións **evitarase**

tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

- Ademais hai que **seguir mantendo as mesmas medidas que ata agora estaban en vigor**: distancia de seguridade (1,5m.), uso obrigatorio da máscara, desinfección do espazo despois de cada uso e limpeza das mans con xel hidroalcólico; para este fin poranse á disposición do público, en lugares accesibles, dispensadores de xel debidamente autorizados e en condicións de uso.

Outros actos relixiosos:

- As **cerimonias nupciais** e similares (comuñóns, confirmacións, funerais, etc.), réxense polas mesmas normas que os actos de culto.
- Os **enterramentos** restrínxense a un máximo de **15 persoas** (no cemiterio).
- Os velorios poderán realizarse cun límite máximo, en cada momento, de **5 persoas** en espazos pechados de **15 persoas** en espazos ao aire libre.

Catequese

- **Queda suspendida a catequese presencial.**
- As familias poden seguir a catequese desde os fogares a través das diversas plataformas dixitais que xa existen; os Secretariados de Catequese de Galicia ofrecen: *#CatequeseComezaNaCasa.*
- Tamén cabe indicar que realicen na casa os temas ou fichas correspondentes do material de catequese.
- Pódese buscar a presencialidade nunha Eucaristía do domingo ou nunha Misa de semana, respectando sempre os aforos e distancias.

Outras actividades:

- **Suspéndense as convivencias, encontros, reunións, congresos e actos similares**..
- Tamén se acorda o **peche das actividades de festas**, verbenas e eventos populares.

Mobilidade:

- Todos os concellos de Galicia están en nivel máximo de alerta e con peche perimetral. Se algún sacerdote ten que moverse entre concellos por razóns pastorais debe levar o certificado de mobilidade que se expide na curia diocesana.

Estas disposicións entran en vigor o mércores 27 de xaneiro ás 00.00 horas e estenderanse ata o 17 de febreiro.

CANCILLERÍA

SECRETARÍA

Nomeamentos

O Señor bispo asinou os seguintes nomeamentos:

2 de xaneiro.

D. Alfonso Moreno Lugrís, secretario General de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo por cuatro años.

D. Miguel Ángel Mazorra Souto, administrador de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo y Administrador de la Sociedad de Servicios Comerciales de Inserción Laboral (E.I.L), por cuatro años.

Na paz de Cristo.

D. Manuel Jesús José Piñeiro Vecino (1942-2021)

O día 12 de xaneiro de 2021, no hospital Povisa de Vigo, finou D. Manuel Jesús José Piñeiro Vecino, sacerdote desta diocese.

Naceu D. Manuel na parroquia de Santo Estevo de Pedre, concello de Cerdedo, provincia de Pontevedra e Arquidiocese de Santiago de Compostela, o día 18 de agosto de 1942, sendo fillo de Xesús e de Carme.

Comeza os seus estudos no Seminario Pontificio de Comillas en Santander, rematándoos no seminario de Madrid no ano 1964. Foi ordenado sacerdote en Lugo no ano 1964 quedando incardinado na arquidiocese de Madrid-Alcalá.

A partires do ano 1969 solicita o traslado indefinido a nosa diocese, quedando así ligado a ela de xeito definitivo no ano 1982..

Na súa labor parroquial, foi nomeado coadxutor de Nosa Señora de Fátima e director espiritual do Colexio Mariano o ano 1969. No ano 1972 é nomeado coadxutor de San Xoán de Ávila e profesor de relixión do Colexio Marcote. O derradeiro cargo parroquial foi o de vicario parroquial de O Sagrado Corazón de Vigo no ano 1975.

Compaxinado co anterior, foi nomeado Notario-Secretario o ano

1970 e no ano 1982 Promotor de xustiza e Defensor do Vínculo. O ano 2002 é nomeado Xuiz eclesiástico.

Despois dunha longa enfermidade que o deixou moi debil e pouco a pouco cun deterioro progresivo, entregou a súa alma ó creador.

¡IN PACE!

VIDA DIOCESANA

O bispo chama á esperanza e á alegría desde a Catedral no día da Epifanía

O bispo de Tui-Vigo, Luís Quinteiro, celebrou o tradicional día de Reis, solemnidade da Epifanía do Señor, presidindo a eucaristía desde a catedral tudense e dende alí, chamou á esperanza e á alegría no medio dun tempo tan difícil marcado pola pandemia.

Durante a celebración, que comezou as 13:00, o bispo, Luís Qiuinteiro, aproveitou a ocasión para felicitar a todos os nenos presentes neste día tan especial no que, conmemorando a adoración dos reis de oriente ao Neno Xesús, tamén os máis pequenos da casa prepáranse para recibir os seus agasallos. Ese xesto dos reis entregando oro, incenso e mirra ao Salvador, lembrou Mons. Quinteiro, expresa que Deus se manifestou ao mundo enteiro non só fai máis de dous mil anos e que, tamén hoxe, en pleno século XXI, Xesús continúa manifestándose.

Ao finalizar, rodeados de beléns de todo o mundo repartidos ao longo da catedral, os nenos de Tui, que asistiron a celebración, recibiron un pequeno agasallo para celebrar o día da Epifanía.

Unificar dous museos

O pasado mes de novembro, a comisión encargada de desenvolver o proxecto para o novo Museo Diocesano e o Catedralicio reuníase co bispo de Tui-Vigo, Luís Quinteiro, para presentar a redacción final do proxecto. Dita comisión, coordinada pola catedrática da Universidade de Santiago, Dna. Marta Cendón, está formada polo deán do cabido, D. José Diéguez, o director do Museo da Catedral de Tui, D. Santiago Vega, o director do Museo Diocesano, D. Andrés Fuertes, o catedrático da USC, D. Fernando López, o arqueólogo, D. Juan José Perles, e os arquitectos, D. Juan Orozco e D. Iago Seara.

En decembro de 2019, a Diocese de Tui-Vigo e o cabido tudense, responsables do financiamento desta fase inicial, asinaban un convenio co departamento de Historia da arte da Universidade de Santiago de Compostela para a redacción do proxecto dun museo diocesano e catedralicio na Diocese de Tui-Vigo, enmarcado dentro do Plan Director da Catedral —finalizado en 2007 e publicado en 2015— que ten como obxectivo a posta en valor dos diferentes espazos do conxunto.

Ambos os dous museos, fundados en 1976, reúnen máis de 2.000 obras, algunhas delas participaron en recoñecidas exposicións como Pergamiño Vindel, Galiza no tempo ou as expos de Lisboa e Barcelona. De aí, a procura dunha unión que permita impulsar unha mellora na xestión de recursos capaz de xerar máis opcións expositivas creando un discurso narrativo, non só coas obras, senón tamén co conxunto arquitectónico.

Iago Seara, coordinador do Plan Director, explicou que *«o museo facilitaría compartir non só os valores e o discurso das exposicións, senón tamén o gozo e o acceso cultural»* dos visitantes a determinados espazos da Catedral, como a sala capitular ou as torres adxuntas.

En definitiva, a unión destas dúas institucións nun só Museo Diocesano Catedralicio aspira a que as obras expostas axuden a comprender o contexto histórico, o Conxunto Catedralicio, os vínculos con Portugal e a temática da evanxelización na Diocese, estendida alén das súas fronteiras.

Agora que a redacción do proxecto foi entregada e aprobada, ponse en marcha a segunda fase que consiste na mellora da accesibilidade e a rehabilitación tanto das cubertas do claustro, como doutras zonas do edificio para os usos museísticos interiores e exteriores. Para poder levar a cabo ditas obras o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda

Urbana, financiará o 75% dos 586.530 euros necesarios para a execución desta fase, mentres que a Diocese de Tui-Vigo, a través do bispado e do cabido, deberá responsabilizarse do 25% restante, é dicir, 146.652 euros do total.

Renovación da xunta directiva de Cáritas Diocesana e posta en marcha dunha Axencia de Colocación

O día 12 de xaneiro, o bispo de Tui-Vigo, Luís Quinteiro Fiuza, presidiu a toma de posesión dos novos cargos da Xunta Directiva de Cáritas Diocesana, Secretario Xeral e Administrador da institución, na súa sede situada en García Barbón. O mesmo tempo púxose en marcha a empresa de Servizos Comerciais de Inserción.

A partir deste intre, Alfonso Moreno, exercerá como Secretario Xeral e Miguel Ángel Mazorra será Administrador compaxinando coa parte administrativa da empresa Servizos Comerciais de Inserción, encargada de xestión do proxecto téxtil.

Mons. Luís Quinteiro agradeceu o labor realizado por Manuel Expósito e Antonio García os responsables anteriores que, durante oito anos, colaboraron como voluntarios en Cáritas Diocesana, e felicitou ás novas incorporacións da Xunta Directiva de Cáritas, desexándolles o mellor.

Posteriormente, o pastor da Igrexa de Tui-Vigo bendixo as instalacións da nova axencia de colocación —sita na rúa do Casco Vello, Eduardo Chao 10— que leva activa varios meses realizando labores de intermediación laboral a través do equipo de Emprego.

«Xornada Rexional de Servizos Relixiosos Hospitalarios e de Residencias»

As delegacións de Pastoral da Saúde de Galicia celebran a Xornada Rexional de Servizos Relixiosos Hospitalarios e de Residencias que, nesta ocasión, leva por lema «Coidémonos mutuamente». A Xornada, que comezará ás 10 da mañá, impartirase de maneira on-line o vindeiro luns, 25 de xaneiro.

Desde a delegación de Pastoral da Saúde de Tui-Vigo, convidan á participación da Xornada Rexional de Servizos Relixiosos Hospitalarios e de Residencia cuxa convocatoria telemática provocou que a inscrición se abra ao público, independentemente de que pertenzan, ou non, aos servizos relixiosos hospitalarios o de residencias.

Alfonso Carrasco, bispo de Lugo e responsable da Pastoral da Saúde en Galicia, inaugurará a xornada que comezará coa presentación de Ignacio Carbajosa, autor do libro: Testemuña de excepción. Diario dun cura nun hospital Covid (Editorial Encontro). Despois, Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, saudará aos asistentes.

A continuación, Jorge Padro, traballador no Sergas, e Alfredo Losada, responsable de Protección de Datos no Bispado de Lugo, para presentar o relatorio «A protección de datos nos Servizos Relixiosos

Hospitalarios».

José Ramón Amor, doutor en Teoloxía Moral, director do Observatorio de Bioética e. Ciencia da Fundación Pablo VI e membro do servizo relixioso do Hospital Clínico Universitario da Coruña, falará sobre «O derrube da Ética tradicional».

Antes da clausura da Xornada por parte de Julián Barrio, arcebispo de Santiago de Compostela, o director do departamento de Pastoral da Saúde da Conferencia Episcopal Española e delegado diocesano de Madrid, José Luis Méndez, presentará o lema e os materiais da campaña do enfermo para este ano 2021.

Está toda a información na páxina web da diocese.

Acto ecuménico para pedir a unidade dos cristiáns

O pasado xoves, 21 de xaneiro celebrouse na parroquia da Nai do Bo Pastor (Capuchinos) unha oración ecuménica na que anglicanos, ortodoxos, evanxélicos e católicos rezaron pola unidade dos cristiáns . O acto asistiron un medio centenar de fieis das distintas cofesións cristianas.

Este encontro de oración foi organizado dende a delegación de Relaciones Interconfesionales á que está ao fronte o pai capuchino P. Faustino.

A música comezou a soar e os representantes iniciaron a súa procesión cara ao presbiterio: Davide Junqueras, pastor evanxélico; Francisco Javier Alonso, reverendo anglicano; e Luís Quinteiro, bispo católico de Tui-Vigo. Na cita, percibiuse a ausencia do pai Dámaso Couto, pastor ortodoxo, a quen, tal e como explicou o pai Faustino, as restricións de mobilidade obrigáronlle a permanecer na súa residencia.

Despois de que cada un dos representantes das disntintas confesions fixeraunha breve reflexión e invitación á oración, o acto rematou deixando a igrexa en silencio.

O I. T. San Xosé celebra a festa de Santo Tomé de Aquino padrón dos teólogos

O día 28 de xaneiro, no seminario maior San Xosé de Vigo, o I.T. San Xosé, celebrou o día de Santo Tomé de Aquino, padrón dos Teólogos.

A celebracióin comezou con unha eucaristía presidida polo noso bispo D. Luis que invitou a vivir a realidade actual, marcada pola pandemia, como Santo Tomé que "viviu no seu tempo e dende o seu tempo" e que foi luz para moitas persoas pola súa clarividencia.

Unha vez remata a a eucaristía tivo lugar o acto académico que este no foi a cargo do Lic. D. Luis Pose Regueiro que impartiu unha conferencia titulada : "Cristobal Colón: primeiro evanxelizador de América". Dada a situación especial da pandemia e debido as vixentes restriccións de aforo, para facilitar a maior asistencia, a conferencia puidose seguir a través do canal de youtube de la diócesis. Así mismo atópase esta conferencia en dito canal.

DIOCESE TUI-VIGO
Dr. Corbal, 90
36207 · Vigo
España